



Trátase de todas nós

Revolta de Mulleres na Igrexa de Galicia¹

O pasado 19 de xuño saltaba aos medios a noticia da detención dun crego da diocese de Lugo acusado de abusos sexuais a unha menor. A diocese de Lugo reaccionou ese mesmo día emitindo un comunicado² no que condenaba o abuso, apartaba o crego das súas funcións pastorais e poñíase a disposición das autoridades civís para colaborar na investigación.

O 22 de xuño, día da Festa de Corpus, a Revolta das Mulleres na Igrexa en Galicia emitimos un comunicado de denuncia, *Non máis abusos na Igrexa. O abuso manca o Corpo de Cristo*, e as compañeiras da Revolta de Lugo saíron á rúa ao paso da procesión, na porta da Catedral, para visibilizar a nosa indignación. A concentración foi silenciosa e nela só levantaron un cartel que poñía «Non máis abusos na Igrexa».

A resposta a esta acción foi desigual, cunha desigualdade que é tamén sinal de como as diferentes persoas e estamentos están actuando fronte á violencia. Por unha parte, a Revolta de Mulleres na Igrexa-*Alcem la Veu*³ e un bo feixe de organizacións, tanto de feministas como de crentes, e mesmo o Servizo Diocesano de Prevención e Atención de Abusos da Arquidiocese de Santiago de

1 A Revolta das Mulleres na Igrexa de Galicia está formada por tres grupos de mulleres cristiás e feministas: a Revolta das Mulleres na Igrexa de Lugo, o grupo de mulleres da parroquia do Cristo da Vitoria de Vigo e a asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria.

2 <https://www.diocesisdelugo.org/comunicado/>

3 Revuelta de Mujeres en la Iglesia Alcem la Veu é unha plataforma formada por trinta e tres grupos de mulleres cristiás e feministas doutras tantas cidades do estado español.

Compostela apoiaron o comunicado. Por outra parte, as compañeiras de Lugo, que puxeron o seu corpo na concentración silenciosa diante da catedral, foron increpadas e descualificadas por un sacerdote que participaba na procesión (que mesmo chegou a agarrar algunha das compañeiras) e tamén foron aplaudidas por veciñas e veciños indignados coma nós. Ante estes feitos, a plataforma *Revuelta de Mujeres en la Iglesia-Alcem la Veu* emitiu un novo comunicado no que deixa clara cal ten que ser a resposta crente perante os abusos.

Reproducimos a continuación os dous comunicados e tamén o mail do Servizo Diocesano de Prevención e Atención de Abusos, asinado polo seu coordinador, Luís García Bernadal.

Non máis abusos na Igrexa. O abuso manca o Corpo de Cristo

Comunicado público da Revolta de Mulleres na Igrexa

Con rabia e dor, indignación e noxo, as persoas que formamos parte da Revolta das Mulleres na Igrexa recibimos a noticia dunha denuncia de abuso sexual a unha menor por parte dun sacerdote da diocese de Lugo, España.

Sen dúbida, manifestamos o noso apoio á menor e ao seu contorno: familia e amigas, en especial a rapaces e rapazas pertencentes a grupos de mozos cristiáns, que están vivindo unha situación que para nada é querida por Deus, todo amor e coidado.

Valoramos positivamente o comunicado realizado polo bispado de Lugo ese mesmo día e agradecemos a rapidez da súa resposta, se ben esiximos que se inicie una investigación eclesial exhaustiva e transparente que, paralelamente á investigación policial e xudicial, permita esclarecer os feitos, establecer responsabilidades e garantir xustiza e reparación.

Á luz desta triste noticia tamén queremos compartir con toda a comunidade eclesial e social as seguintes reflexións:

- A violencia contra as mulleres non son feitos illados, son froito dunha conxuntura estrutural e simbólica que a sostén

e a fai posible. Demasiadas veces vemos como a primeira reacción é o silencio e o agochamento, favorecidos por dinámicas de poder que a naturalizan, privilexiando a reputación institucional por riba da vida e da dignidade das persoas que a padecen.

- O abuso sexual non só destrúe a quen o sofre: desgarrar o tecido comunitario, rompe a confianza nas persoas e deixa a quen a padece sumida en fonda crise humana e espiritual. Cando estas persoas son novas, aínda en proceso de maduración persoal, as consecuencias son devastadoras. É urxente unha conversión radical na Igrexa. A comunidade é a base do noso ser cristián. Cando se produce unha situación de abuso e violencia, estase a fracturar o espazo de fe e seguridade das vítimas, das persoas próximas a elas e de toda a sociedade.

Por iso, porque o principio comunitario é a nosa raíz, queremos facer caer na conta á Igrexa de que as medidas puntuais ou as respostas á defensiva non son a solución. É necesario un novo xeito de reaccionar: escoitar as vítimas, reparar o dano e transformar a totalidade das estruturas que fixeron posible o abuso, camiñando cara a unha sinodalidade real e efectiva.

- É urxente rematar coa cultura do abuso –sostida polo autoritarismo, o encubrimento e a impunidade– e implementar decididamente unha cultura do coidado, que poña no centro a dignidade humana, a verdade e a misericordia. O coidado ten que se converter na práctica eclesial por excelencia en todos os ámbitos se é que queremos transformar o mundo en Reino de Deus, un Reino de paz e xustiza que ten que transparenzarse nas prácticas eclesiais, nas relacións, nas comunidades e nas estruturas.

Como crentes e como mulleres comprometidas coa xustiza e coa dignidade, pedimos que a Igrexa actúe con valentía evanxélica. Que mire de fronte a dor. Que renuncie ao silencio cómplice e á impunidade, e que se poña, sen reservas, do lado de quen sofre.

Amáis de que se abra o proceso canónico pertinente no caso que nos ocupa e que se manteñan as medidas de cautela anunciadas o 17.06.2025, pedimos ao bispado de Lugo que convoque unha «Mesa Diocesana de Diálogo sobre Abusos», na que se aborde esta cuestión no seo da nosa comunidade e que se nos faga partícipes xunto con outros irmáns e irmás dispostas a afrontar esta realidade coa valentía e a transparencia que precisa.

Porque outra Igrexa é posible e necesaria, e non haberá redención sen verdade nin xustiza!

Revolta das Mulleres na Igrexa de Galicia
Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria

Apoian este comunicado:

Plataforma Feminista de Lugo, Asociación Irimia, Asociación Encrucillada, Foro Feminista de Lugo, Plataforma Feminista Galega, Revuelta de Mujeres en la Iglesia-Alcem la Veu, Comunidade Cristiá do Home Novo, Red Miriam de Espiritualidad Ignaciana Femenina, Tras las huellas de Sophía, Red Tepali, Mujeres y Teología de Zaragoza, ARCWP mujeres presbíteras España, Marcha mundial das mulleres, Secretaría das Mulleres da CIG, Polamiúda, Observatorio da Mariña pola igualdade, Movimiento de Campesinos Las Comunidades Unidas, JOC Madrid (Juventud Obrera Cristiana), Azos Feministas, HOAC de Zaragoza (Hermanidad Obrera de Acción Católica), Observatorio Ciudadano Nacional de México, O soño de Lilith, Plataforma Feminista Galega, JOC Comunidad Valenciana, Comunidad Interlavapies (Madrid), Comunidades Cristianas de Logroño, MOCEOP (Movimiento Celibato Opcional), Servizo Diocesano de Prevención e Atención de Abusos a menores, persoas vulnerables e as súas familias da arquidiocese de Santiago de Compostela.

Comunicado do Servizo Diocesano de Prevención e Atención de Abusos. Santiago de Compostela

Agradezo en nome do equipo que formamos este servizo diocesano o voso manifesto pola súa lucidez e valentía evanxélica.

Coincidimos plenamente coas vosas denuncias e aspiracións, que son a motivación do noso traballo e do noso desvelo coas vítimas na nosa diocese de Santiago. Todos estamos concernedos nun asunto tan importante para a nosa Igrexa e a nosa sociedade, que, como sinalades, non son feitos illados, senón indicadores de esquemas e inercias que están a necesitar dunha revisión cultural e espiritual dentro e fóra da nosa Igrexa.

Quen han ser os primeiros? Todos aqueles que a nosa indiferenza e sistema de privilexios convertemos en últimos.

Quen ha estar no centro? Quen nós, como sociedade e como Igrexa, marxinamos ou silenciados. Non estamos sos nesta procura. Seguimos traballando, o Evanxeo guía as nosas pegadas.

Un saúdo

Luis García Bernadal
Coordinador do *Servizo Diocesano de Prevención
e Atención de Abusos*
Arquidiocese de Santiago de Compostela

Non se trata só dunha. Trátase de todas nós

Non máis mulleres vítimas de abusos de poder,
de conciencia, espirituais e sexuais na nosa Igrexa

O pasado día de Corpus Christi, un grupo de irmás da Revolta manifestáronse en silencio ás portas da catedral de Lugo, cunha pancarta que rezaba «non máis abusos na Igrexa». Ao mesmo tempo, tras a noticia da denuncia por agresión sexual a unha menor por parte dun sacerdote desta diocese, a Revolta das Mulleres na Igrexa de Galicia publicaba un comunicado no que expresabamos

a nosa solidariedade coas vítimas de abusos na Igrexa e a súa contorna (centrada no caso da diocese de Lugo), reflexionabamos sobre os seus efectos na vida eclesial e pediamos actuacións concretas de xustiza, reparación e transformación para erradicar esta lacra nas nosas comunidades. Este manifesto recibiu o apoio da *Revolta de Mujeres en la Iglesia-Alcem la Veu*, das asociacións feministas de Galicia e dun bo feixe de asociacións da Igrexa de todo o estado.

Durante esa manifestación pacífica e silenciosa, as nosas compañeiras foron increpadas publicamente por un sacerdote. «*No sois cristianas*» ou «*sinvergüenzas*» foron algunhas das súas expresións, pronunciadas desde o máis rancio clericalismo.

Estas mulleres –como moitas de nós– entregaron boa parte da súa vida ao servizo comunitario dentro da Igrexa católica. O ocorrido reflicte unha violencia estrutural e simbólica profundamente enraizada na Igrexa. Non podemos normalizar nin minimizar estes malos tratos. Porque tamén son formas de violencia os abusos de poder, de conciencia e espiritual que danan a todo o corpo de Cristo que é a Igrexa.

Como comunidade de iguais temos a responsabilidade de facer desta experiencia un proceso de liberación e sanación. Como mulleres crentes que fomos acaladas, rifadas ou expulsadas simbolicamente dos espazos de fe unha e mil veces por atrevérmonos a reflexionar criticamente, cuestionar determinadas prácticas abusivas ou, simplemente, soste en sororidade a outras, alzamos a voz non só polas nosas irmás, senón por toda a Igrexa. Inspiradas pola Ruah que sopra onde quere, esiximos respecto e reparación.

Denunciar o ocorrido non é só un acto de xustiza con todas as que sufrimos agresións, é un acto de fidelidade ao Evanxeo que nos convoca a protexer a dignidade de todas as persoas, especialmente daquelas en situacións de especial vulnerabilidade.

Lembramos as palabras do Documento de Aparecida:

A Igrexa non pode desentenderse das loitas pola xustiza e a dignidade dos excluídos e excluídas da nosa sociedade (DA 384).

E as palabras do propio Xesús: «Se nós calamos, berrarán as pedras» (Lc 19, 40).

Hoxe berramos nós, coa nosa presenza silenciosa.

- Porque non aceptaremos máis rifas clericais que nos relegan a lugares de subordinación.
- Porque as nosas igrexas tamén son os nosos espazos de fe.
- Porque Deus non berra, escoita.
Deus non castiga, abraza.
Deus non mente, revela.

Non é contra a Igrexa que protestamos. É porque queremos unha Igrexa que sexa comunidade de iguais, que non tema as preguntas, nin os carteis, nin as voces femininas que claman xustiza.

Chamamos respectuosamente as nosas organizacións a que se unan á *Revuelta de Mujeres en la Iglesia-Alcem la Veu* a pronunciárense publicamente contra o abuso de poder, de conciencia e/ou sexual na Igrexa. Porque o silencio institucional é tamén unha forma de complicidade.

Con respecto, agarimo e sororidade,

Revuelta de las Mujeres en la Iglesia-Alcem la Veu
Revolta das Mulleres na Igrexa de Galicia